

Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

(Aprobado na Xunta de Facultade do 21-09-2018 e no Consello de Goberno do 20-12-2018)

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este Regulamento ten por obxecto a regulación do proceso de realización e avaliación dos traballos de fin de grao (en adiante, TFG) da titulación de Grao en Ciencia Política e da Administración que se imparte na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Desenvólvese ao abeiro da *Normativa de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela* (Consello de Goberno do 3 de marzo de 2016).

CAPÍTULO 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 2. O TFG no Grao en Ciencia Política e da Administración

Segundo o RD de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración e defensa dun TFG. O plan de estudos vixente do Grao en Ciencia Política e da Administración establece para esta materia una carga lectiva de 14 créditos. Os TFG serán individuais.

Os TFG poden desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións, ou no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE...), sempre que o convenio o permita.

Artigo 3. Obxectivo do TFG

Segundo o plan de estudos, o TFG consiste na elaboración, por parte dos alumnos/as, dun traballo persoal no que se integren e apliquen os coñecementos e destrezas obtidos durante os estudos realizados na titulación de Grao e se desenvolvan as seguintes competencias:

- Definir os obxectivos do traballo, identificando o problema a resolver ou o obxectivo de coñecemento a alcanzar.
- Diseñar as tarefas, organizar os pasos a seguir para alcanzar os obxectivos e desenvolver o traballo de acordo co plan definido.
- Buscar e seleccionar información relevante para o caso, problema ou obxecto de estudo.
- Organizar a información da que dispón e presentala de forma clara, sistemática e precisa, para que sexa comprendida por outras persoas.

- Identificar as limitacións e/ou as carencias do traballo realizado e propoñer suxestións de cara ao futuro.

Artigo 4. Contidos do TFG

O TFG é unha achega orixinal, autónoma, individual ou grupal, baixo a supervisión dun ou varios titor/es, que consistirá na elaboración dun traballo no que se acrediten coñecementos e destrezas conseguidos durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de procura e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación. As modalidades e formato serán establecidos anualmente na guía docente correspondente.

Artigo 5. Comisión con competencias en Traballos de Fin de Grado

A Comisión con competencias en Traballos de Fin de Grao (en adiante, Comisión de TFG), cuxa composición se aprobará na Xunta de Facultade, exercerá as competencias que se establecen no artigo 3 *da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM*, no que atinxe ao TFG, e as que se desenvolvan neste Regulamento. Entre elas estarán as seguintes:

- Propor anualmente a guía docente, na que se determinarán as formas de desenvolvemento e exposición e os criterios de avaliación para o curso académico de que se trate, así como calquera outro aspecto de interese que se considere necesario.
- Establecer a convocatoria anual.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas / temas.
- Asignar titores, segundo a información fornecida polos departamentos implicados, e decidir sobre a modificación de temas e titores e titoras asignados.
- Fixar as características dos traballos.
- Nomear os tribunais de avaliación.
- Autorizar os traballos que se someterán a avaliación en cada oportunidade.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos.
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

Artigo 6. Matrícula e réxime de convocatorias

A matrícula rexerese pola convocatoria de cada curso académico polo que respecta a requisitos, prazos e demais circunstancias. Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das previstas no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación. O número máximo de convocatorias que poderá esgotar o alumno/a será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de *non presentado* computarase para os efectos de consumir a convocatoria. Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática, polo que non se computará para os efectos de esgotar convocatoria.

CAPÍTULO 2. PROPOSTAS, TITORES/AS E ASIGNACIÓN DOS TFG

Artigo 7. Titor/a do TFG

Cada TFG require un titor/a que será persoal docente e investigador (PDI) que imparta docencia na titulación. Caberá a posibilidade dun cotitor/a no suposto de que as características do TFG ou o titor/a así o aconsellen.

Artigo 8. Temas dos TFG

O Centro consultará a listaxe de alumnos matriculados nesta materia e a Unidade de Xestión informará a cada Departamento sobre cantos TFGs lle corresponde titorizar. Os departamentos enviaranlle á Unidade de Xestión unha listaxe de PDI dispoñible para esta materia, que Unidade de Xestión remitirá á Comisión de Traballo Fin de Grao dentro dos prazos que se establezan. A Comisión aprobará a lista titores/as dispoñibles e os temas de estudo.

Artigo 9. Asignación dos titores/as dos TFG.

1. Rematado o prazo de matrícula, a Comisión de TFG porá en marcha o proceso de asignación de titores/as dos TFG nese curso académico.

As persoas matriculadas na materia en cursos anteriores deberán comunicar se desexan seguir co mesmo titor/a. De non facelo ou no caso de que o titor/a anterior comunique que non desexa seguir titorizando ao alumno/a, a Comisión aplicarlle o procedemento xeral de asignación.

2. Tras asignar, de acordo co apartado 1, aos alumnos/as que repiten matrícula os titores/as que tiñan o curso anterior, a Comisión publicará a listaxe de titores/as dispoñibles indicando o número de TFGs que poderán titorizar e os temas que cada docente propón. Igualmente, publicarase a relación provisional de matriculados/as, ordenada (de maior a menor) en función da súa cualificación media, calculada

segundo o protocolo do SUG. Se alguén está descontento coa súa cualificación media poderá presentar unha reclamación na secretaría do Decanato da Facultade, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos. Unha vez finalizado o prazo de reclamación, publicarase a relación definitiva de matriculados/as ordenada en función das súas cualificacións medias. Terase en conta a cualificación media que figure no expediente do/da solicitante o día no que finaliza o prazo de matrícula (mes de setembro).

3. As persoas matriculadas da materia TFG, a excepción daquelas que repiten matrícula e manteñen o titor/a precedente, serán convocadas a un acto público de asignación para elixir o titor/a que desexen.

As persoas que por causas xustificadas non poidan estar presentes no acto de adxudicación poderán solicitar que as substitúa outra persoa da súa elección debidamente identificada. Coordinarán este acto, cando menos, o profesor/a que exerza a coordinación do cuarto curso e o/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos ou persoas en quen deleguen.

No acto chamarase ás persoas admitidas seguindo a orde de prelación da nota media (de maior a menor), que irán expresando a súa preferencia en función da dispoñibilidade de tutores/as.

O resultado da asignación de titor/a publicarase nunha resolución provisional. Contra esta resolución poderase presentar unha reclamación no prazo de 3 días hábiles contados dende a publicación. Finalizado o prazo de reclamación, e resoltas as reclamacións presentadas, publicarase a asignación definitiva de tutores/as.

4. Aos alumnos/as matriculados que non asistan nin designen un representante, a Comisión de TFG asignaralles un titor de entre os que estean dispoñibles. Os alumnos/as que se matriculen no segundo período de matrícula (febreiro) serán convocados a un novo acto de asignación de titor/a atendendo á dispoñibilidade do profesorado, seguindo o procedemento xeral.

Artigo 10. Funcións e obrigas do titor/a

O titor ou titora programará sesións de traballo con cada estudante, que serán as que indique a normativa da USC, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo.

O titor ten a obriga de presentar o seu informe de seguimento através da secretaría virtual do PDI. Debe estar dispoñible como moi tarde 3 días antes da defensa do traballo.

Así mesmo o titor ten a obriga de verificar que o traballo presentado é orixinal, empregando, se for preciso, a ferramenta de control de plaxios que a USC pon ao seu dispor.

No caso de que o alumno/a elixise ser avaliado polo titor/a, este avaliará o TFG aplicando os criterios establecidos nos artigos 16 e 19 deste regulamento

CAPÍTULO 3. FORMATO DOS TFG

Artigo 11. Requisitos mínimos

A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizan na impartición do grao. A extensión recomendada do traballo é de entre 50 e 70 páxinas, non incluídos nelas a portada, os índices, a bibliografía nin os Anexos.

Todos os TFGs deberán incluír, segundo os contidos correspondentes, os seguintes apartados:

- Portada.
- Índice xeral, co título de cada unidade de contido e o número da páxina na que se atopa o título.
- Índice de táboas / cadros, co título de cada táboa / cadro e o número da páxina na que se atopa a táboa / cadro.
- Índice de gráficos / figuras, co título de cada gráfico / figura e o número da páxina na que se atopa o gráfico / figura.
- Listaxe de acrónimos / abreviaturas.
- Introducción. Neste apartado, xustificarse e presentarse a investigación. Aportaranse argumentos sobre a pertinencia teórica, empírica ou práctica do tema elixido; se contextualiza o traballo no contexto cognitivo da disciplina correspondente; estableceranse os obxectivos da investigación; formularanse as preguntas ás que se trata de responder coa investigación emprendida; e anticiparse o a estrutura do traballo e a secuencia de pasos da exposición subseguinte.
- Revisión bibliográfica (excepto aqueles TFGs cuxo formato sexa o dunha revisión bibliográfica).
- Apartados correspondentes á modalidade de TFG elixido (segundo propostas contidas na guía docente correspondente).
- Conclusións.
- Bibliografía, ordenada, ben alfabéticamente, ben de acordo con algún criterio relevante. Cando se considere que aclara a localización das fontes, é posible dividila en subapartados. Igualmente, é posible diferenciar as fontes electrónicas das fontes en papel, recollendo as primeiras nunha Webgrafía.
- Anexos / Apéndice. Neles inclúense, no seu caso, os Anexos que recollen os documentos legais consultados, que non son parte da bibliografía.

CAPÍTULO 4. AVALIACIÓN DO TFG

Artigo 13. Prazos.

A Xunta de Facultade aprobará a guía docente e os períodos de avaliación dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Artigo 14. Requisitos de avaliación

Os TFG só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes aos propios traballos. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o secretario/a da Facultade solicitaralle ao profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos traballos.

No caso de que algún ou algunha estudante defenda o TFG sen cumprir este requisito, esta avaliación non producirá efectos, sendo un acto nulo.

Artigo 15. Solicitud de avaliación e depósito do TFG

Dentro dos prazos establecidos no punto anterior, os interesados/as en defender o traballo deberán depositalo através da secretaría virtual. Na portada do traballo, ademais do nome do autor/a e do titor/a, debe figurar o título do traballo en galego, castelán e inglés.

O depósito e solicitud de avaliación dun TFG implica a súa defensa na primeira oportunidade de avaliación que teña lugar. No caso de non superar esta oportunidade, o/a alumno/a deberá volver realizar o depósito e solicitar a defensa pública na seguinte oportunidade de avaliación á que decida concorrer.

O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFG na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

Artigo 16. Sistema de avaliación.

Na súa solicitud de avaliación, o alumno/a deberá especificar cal é o procedemento de avaliación a que desexa someter o seu traballo, elixindo entre dúas opcións:

1. Defensa pública perante un tribunal, que poderá outorgar unha cualificación de ata dez puntos. Neste caso, o alumno/a deberá achegar tres copias impresas do TFG.
2. Defensa pública perante o titor/a, que poderá outorgar unha cualificación máxima de sete puntos. Neste caso, o alumno/a deberá achegar unha copia impresa do traballo.

Artigo 17. Tribunais de avaliación

Cando a avaliación sexa realizada por un Tribunal este estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación. Así mesmo, a Comisión de TFG publicará unha listaxe ordenada de suplentes. Procurarase que, cando menos, un dos titulares do tribunal pertenza ao departamento do titor/a. Os titores/as dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

En cada Tribunal haberá un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria. Utilizarase o criterio de categoría docente e da antigüidade para nomear o presidente ou presidenta, que será o/a de maior categoría e o/a máis antigo/a, e o secretario ou secretaria, será o/a de menor categoría e o/a máis novo/a. O presidente ou presidenta e o secretario ou secretaria exercerán como tales en todas as actuacións.

No caso de que un dos membros do Tribunal non poida asistir, un suplente substituirá ao membro ausente tamén no cargo que ostentaba dentro do Tribunal.

A Comisión do TFG aprobará e trasladará ao decano/a para a súa publicación a designación dos tribunais que actuarán en cada oportunidade de avaliación, unha vez coñecido o alumnado que efectuou o depósito para esa oportunidade e escolleu defender ante tribunal.

Artigo 18. Defensa pública dos TFG

Os TFG requirirán sempre de defensa pública e de xeito presencial. En casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión de TFG e coas garantías que se determinen, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos.

Artigo 19. Aspectos de avaliación

A avaliación da aprendizaxe terá como criterio fundamental o nivel de adquisición integrado das competencias propias do Grado reflectidas polo traballo elaborado e defendido polo alumno. Os tribunais (ou o titor, en caso de defender ante titor) establecerán os criterios de avaliación en función dos seguintes elementos:

1. Proceso de traballo: Valorarase o progreso do estudante durante a elaboración do Traballo de Fin de Grao. No caso de defensa perante un tribunal, este aterase á valoración realizada no apartado correspondente do informe emitido polo titor. O resto dos apartados do informe do titor/a teranse en conta polos membros do tribunal ao cualificar o TFG de acordo coa ponderación establecida nos puntos seguintes.

2. Calidade da investigación: Valorarase a calidade final do TFG e a manifestación nel das competencias dun aspirante a graduado/a en ciencia política e da administración. Concretamente, valoraranse, segundo proceda de acordo coa modalidade do TFG elixida, a xustificación do TFG (incluída a revisión bibliográfica

realizada), a teorización, o deseño da investigación, o rigor metodolóxico, a recolleita de datos, a análise de datos, a presentación dos resultados, os achados obtidos e a disposición estrutural dos contidos.

3. Presentación escrita: Valoraranse a adecuación aos requisitos de formato, o adecuado uso da linguaxe técnica da disciplina e a corrección léxica, gramatical e ortográfica.

4. Defensa pública: Valoraranse as competencias de comunicación oral e de debate do estudante.

Artigo 20. Publicación e revisión das cualificacións

Publicarase a cualificación nos taboleiros do centro, a ser posible, no mesmo día da lectura do traballo.

O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais.

Artigo 21. Dereitos e deberes do alumnado. Publicación dos traballos.

Os dereitos e deberes do alumnado serán os que figuran nos artigos 11 e 12 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*

O/A estudante deberá enviarlle ao titor ou titora o traballo finalizado coa antelación marcada na guía docente.

Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. De non ser así, a cualificación será de “suspense” na convocatoria, e o deber do titor ou titora ou do tribunal é poñelo en coñecemento da reitoría para os efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e revisión de cualificacións.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a Comisión de TFG considera que se vulneran os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

Unha copia electrónica dos TFG superados quedará depositada no Centro e poderán ser utilizados para usos académicos e de investigación na USC, coa mención específica aos seus autores ou autoras. Para estes efectos, o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

A Comisión de TFG poderá propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, asinarán o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Disposición Final. Entrada en vigor

Este Regulamento entrará en vigor tras a súa publicación no taboleiro da sede electrónica da USC.

Disposición Derrogatoria.

Queda derrogado o *Regulamento de TFG en Ciencia Política e da Administración* aprobado na Xunta de Facultade de Ciencias Políticas e Sociais o 28 de setembro de 2017